

Boletín Mayo 2014

APE Galicia

Contido:

Programa de apoio ao acceso ao financiamento operativo das Pemes	1
Subvencións aos titulares de obradoiros artesanais para o fomento da comercialización da artesanía galega	2
Axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro	3
Axudas e subvencións ás entidades sen ánimo de lucro para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio	4
Axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes	5
Programa para a promoción do emprego autónomo 2014 de xoves menores de 30 anos	6
Programa para a promoción do emprego autónomo	7



APE Galicia

Plaza de España nº1, 1º
oficina 1
36002 Pontevedra

Teléfono: 986891657
Móvil: 663 881 047

E-mail: info@apegalicia.es

PROGRAMA DE APOIO AO ACCESO AO FINANCIAMENTO OPERATIVO (ACTIVO CORRENTE) DAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 9 de maio de 2014 pola que se lle da publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras do programa de apoio ao acceso ao financiamento operativo (activo corrente) das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), as sociedades de garantía recíproca galegas e as entidades financeiras adheridas (Re-solve 2014), e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

Obxecto e beneficiarios : Estas bases regulan o contido o procedemento de tramitación do programa de apoio dirixido a **facilitar o acceso ao financiamento por parte das pemes do seu activo corrente.**

Prazo: O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. **REMATA O 7 DE FEBREIRO DE 2014.**

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140107/AnuncioG0165-231213-0004_gl.html



Subvencións aos/ ás titulares de obradoiros artesanais para o fomento da comercialización da artesanía galega

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

ORDE do 30 de abril de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos/ ás titulares de obradoiros artesanais para o fomento da comercialización da artesanía galega e impulso da competitividade do sector artesán e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

Obxecto e beneficiarios: Aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Economía e Industria para o fomento da comercialización da artesanía galega.

Poderán ser beneficiarios/as das subvencións os/as **titulares de obradoiros artesanais**, xa sexan persoas físicas ou xurídicas e comunidades de bens, que cumpran os seguintes requisitos:

- Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia e, así mesmo, o seu domicilio social e fiscal radique na dita comunidade autónoma.
- Figurar o obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia no momento da presentación da solicitude de axuda.

Información aos interesados : Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN201G, poderase obter información na Dirección Xeral de Comercio e na Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, a través dos seguintes medios:

- Páxina web oficial da Consellería de Economía e Industria: (<http://economiaeindustria.xunta.es>), na súa epígrafe de axudas ou www.artesaniadegalicia.org
- Na guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.es>
- Nos teléfonos 881 99 91 78 da Dirección Xeral de Comercio.
- Nos teléfonos 881 99 91 71 ou 881 99 91 75 da Fundación Centro Galego da Artesanía e Deseño.
- Nos enderezos electrónicos cei.dxc.axudas@xunta.es e centro.artesania@xunta.es



Prazo: O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. **Remata o 19 de xuño de 2014.**

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140519/AnuncioCA04-090514-0004_gl.html



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

Axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 7 de maio de 2014 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se procede á convocatoria para o ano 2014.

Obxecto e finalidade: Bases reguladoras e condicións polas que se rexerá a convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva, das axudas e subvencións destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro a través da **contratación de persoas traballadoras desempregadas e mulleres vítimas de violencia**.

Poderán ser beneficiarias as **entidades sen ánimo de lucro** que, estando debidamente inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

Prazo: O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da presente orde no Diario Oficial de Galicia, agás as solicitudes de axudas e subvencións para a contratación de mulleres vítimas de violencia, que poderán presentarse ata o 15 de novembro. **Remata o 20 de xuño de 2014.**

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140520/AnuncioCA05-130514-0001_gl.html

Axudas e subvencións para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 30 de decembro de 2013 pola que se convocan as axudas para constituír e iniciar a actividade de sociedades de fomento forestal (Sofor) para o ano 2014.

Obxecto: ORDE do 9 de maio de 2014 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro para a **contratación de axentes de emprego e unidades de apoio**, e se procede á convocatoria para o ano 2014.

Poderán ser **beneficiarias as entidades sen ánimo de lucro**.

Prazo: O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da presente orde no Diario Oficial de Galicia.

Remata o 20 de xuño de 2014.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140520/AnuncioCA05-130514-0003_gl.html



Axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 23 de maio de 2014, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as **axudas e subvencións** a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro **para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes**, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014, cofinanciada polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (SI427A).

Obxecto e beneficiarios : Bases reguladoras e convocatoria polas que se rexerá a concesión de axudas da Secretaría Xeral da Igualdade, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro rexistradas na área de igualdade do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

Poderán ser destinatarias das subvencións as **entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro** inscritas na área de igualdade do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

Prazo: O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da presente orde no Diario Oficial de Galicia. **Remata o 26 de xuño de 2014.**

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140526/AnuncioG0244-200514-0002_gl.html

Programa para a promoción do emprego autónomo para xoves menores de 30 anos

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 14 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo de xoves menores de 30 anos, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

Obxecto e beneficiarios : Fixar as bases reguladoras do programa de **promoción do emprego autónomo** de persoas desempregadas xoves menores de 30 anos e proceder á súa convocatoria para o ano 2014.

Poderán ser beneficiarias as **persoas desempregadas menores de 30 anos** que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en persoas traballadoras autónomas ou por conta propia.

Prazo: O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte a data de publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e **rematará o 30 de setembro de 2014.**

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140527/AnuncioCA05-190514-0017_gl.html

Programa para a promoción do emprego autónomo

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 14 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

Obxecto e beneficiarios : Fixar as bases reguladoras do Programa de promoción do emprego autónomo e proceder á súa convocatoria para o ano 2014.

Poderán ser beneficiarias as **persoas desempregadas maiores de 30 anos que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en persoas traballadoras autónomas ou por conta propia** e que desenvolvan a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia.

Requisitos:

- Ter 30 ou máis anos de idade na data da presentación da solicitude.

- Darse de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia entre o 1 de outubro de 2013 e o 30 de setembro de 2014.

- Non ter percibido subvencións ao abeiro do Programa de promoción do emprego autónomo nos catro anos anteriores á data do inicio da nova actividade.

- Non ter desenvolto como autónomos a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade, nin ter estado de alta como autónomos, sempre que a dita situación de alta presupoña actividade, nos tres meses inmediatamente anteriores. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos da Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE). Este requisito non se aplicará ás persoas traballadoras autónomas colaboradoras.

- As persoas traballadoras autónomas ou por conta propia poderán ser beneficiarias das axudas deste programa, cando formen parte de comunidades de bens ou sociedades civís de nova creación, sempre que as soliciten a título persoal. Neste caso, a comunidade de bens ou sociedade civil deberá estar constituída previamente á presentación da solicitude de subvención.



Prazo: O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte a data de publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e **rematará o 30 de setembro de 2014.**


Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140527/AnuncioCA05-190514-0016_gl.html

DIRIGIR PROYECTOS Y EQUIPOS DE PROYECTOS
formación gratuita para autónomos

30 h - Plazas limitadas

Fecha inicio 14 de junio
Fecha fin 5 de julio

Información e inscripción:
info@apegalicia.es 986.891.657
info@ajepontevedra 986.862.550



APE GALICIA

Asociación Autónomos e Pequenas Empresas de
Galicia

Praza España N°1 Andar 1º Esq. Oficina 1ª
36002 Pontevedra

E-mail: info@apegalicia.es

